DOG Diario Oficial de Galicia

DOG Núm. 36 | Mércores, 20 de febreiro de 2019 | Páx. 10476

## III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

*EXTRACTO da Orde do 4 de febreiro de 2019 pola que se convocan axudas para a realización de actividades de formación en linguas estranxeiras no ano 2019, destinadas ao alumnado dos centros docentes sostidos con fondos públicos, en réxime de concorrencia competitiva.*

BDNS (Identif.): 440122.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de datos nacional de subvencións (http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index):

Primeiro. *Persoas beneficiarias*

Alumnado de centros sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia que estea cursando durante o curso 2018/19, no réxime xeral, 1º, 2º, 3º ou 4º da educación secundaria obrigatoria ou 1º ou 2º de bacharelato.

Segundo. *Obxecto*

Establecer as bases e convocar axudas, en réxime de concorrencia competitiva, para realizar as actividades de formación, dirixidas á mellora das competencias en linguas estranxeiras do alumnado de distintos niveis dos centros docentes sostidos con fondos públicos en Galicia, durante o ano 2019.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Orde do 4 de febreiro de 2019 pola que se convocan axudas para a realización de actividades de formación en linguas estranxeiras no ano 2019, destinadas ao alumnado dos centros docentes sostidos con fondos públicos, en réxime de concorrencia competitiva.

Cuarto. *Importe*

Importe total da convocatoria: 1.483.323,30 euros.

CVE-DOG: alcykm59-scl0-zac7-wz45-37jpll4uyzq4

Número de prazas: 1.600.

Importe individual: a contía da axuda para cada persoa beneficiaria será a resultante de aplicar a diferenza entre o custo por praza e a achega que lle corresponda segundo os custos e os grupos de achega familiar (A, B, C e D) sinalados na táboa seguinte e de acordo co procedemento aplicado para a súa selección e asignación a un grupo de achega familiar:

| | | | | | Achega das familias (€) | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Curso | Modalidade | Duración | Nº prazas | Custo por praza (€) | Grupo A | Grupo B | Grupo C | Grupo D |
| 2º BACH. | Inglés en Canadá | 3 semanas | 80 | 2.950 | 375 | 670 | 1.180 | 1.475 |
| | Inglés no Reino Unido | 3 semanas | 90 | 2.244,55 | 285 | 510 | 898 | 1.122 |
| | Francés en Francia | 3 semanas | 15 | 2.244,55 | 285 | 510 | 898 | 1.122 |
| | Portugués en Portugal | 3 semanas | 5 | 2.000,13 | 254 | 454 | 800 | 1.000 |
| 1º BACH. | Inglés no Reino Unido | 3 semanas | 150 | 2.244,55 | 285 | 510 | 898 | 1.122 |
| | Inglés en Canadá | 3 semanas | 135 | 2.950 | 375 | 670 | 1.180 | 1.475 |
| | Inglés en Canadá-Integración | 4 semanas | 30 | 3.367 | 428 | 764 | 1.347 | 1.684 |
| | Inglés en Galicia | 1 semana | 50 | 755,04 | 96 | 171 | 302 | 378 |
| | Francés en Francia | 3 semanas | 15 | 2.244,55 | 285 | 510 | 898 | 1.122 |
| | Portugués en Portugal | 3 semanas | 5 | 2.000,13 | 254 | 454 | 800 | 1.000 |
| 4º ESO | Inglés en Galicia | 1 semana | 50 | 755,04 | 96 | 171 | 302 | 378 |
| 4º ESO | Inglés en Galicia | 2 semanas | 90 | 554,18 | 70 | 126 | 222 | 277 |
| 3º ESO | Inglés en Galicia | 2 semanas | 180 | 554,18 | 70 | 126 | 222 | 277 |
| 2º ESO | Inglés en Galicia | 2 semanas | 325 | 554,18 | 70 | 126 | 222 | 277 |
| 1º ESO | Inglés en Galicia | 2 semanas | 380 | 554,18 | 70 | 126 | 222 | 277 |

Total prazas: 1.600

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

Un mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia.*

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2019

Carmen Pomar Tojo
Conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional

CVE-DOG: alcykm59-scl0-zac7-wz45-37jpll4uyzq4